

DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE

(1) Establécese alerta por *episodio de fenómenos meteorolóxicos* con incidencia no noso Concello.

Tipo de fenómeno meteorolóxico adverso:	VENTO		
Nivel de alerta:	LARANXA		
Data:	<i>Sábado día 4/02/2017</i>	Horario previsto (AEMET):	<i>00.00 horas a 03.00 horas</i>
Datos:	<ul style="list-style-type: none">– <i>Rachas de vento sur e suroeste.</i>– <i>Rachas máximas de 100 km/h.</i>		
Afectación principal:	<ul style="list-style-type: none">– <i>Traballos ao aire libre.</i>– <i>Actividades culturais, deportivas ou recreativas ao aire libre.</i>– <i>Desprazamentos por rúas e estradas, e principalmente a pé.</i>– <i>Estruturas provisionais exteriores, etc.</i>		

Tipo de fenómeno meteorolóxico adverso:	FENÓMENOS COSTEIROS		
Nivel de alerta:	LARANXA		
Data:	<i>Sábado día 4/02/2017</i>	Horario previsto (AEMET):	<i>00.00 horas a 24.00 horas</i>
Datos:	<ul style="list-style-type: none">– <i>Mar combinada do oeste de 5 a 6 metros.</i>– <i>Oeste forza 8 (ventos entre 62 e 74 km/h – Denominación: Temporal)</i>		
Afectación principal:	<ul style="list-style-type: none">– <i>Actividades profesionais marítimas e aquelas preto da costa.</i>– <i>Actividades deportivas marítimas: remo, piragüismo, vela, pesca, mergullo, etc.</i>		

- *Actividades e actuacións preto da costa.*
- *Actividades de ocio preto da costa incluído a contemplación da ondada.*

(2) Medidas establecidas polo Concello de Ferrol:

- CECOPAL (Centro de Coordinación Municipal de Operativos) en situación de alerta, ao igual que os grupos operativos dependentes do Concello.
- Informar da alerta as empresas dependentes ou contratadas polo Concello xunto as entidades afectadas pola situación.
- **DITA ALERTA NON AFECTA AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E RECREATIVAS REALIZADAS DURANTE O CITADO DÍA (SÁBADO 04/02/2017).**

(3) Recomendacións á cidadanía, entidades e empresas para previr posibles incidencias.

A) Medidas para a protección das persoas e bens (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia).

1. Evitar saír da casa, sobre todo, as persoas maiores. No caso de ter necesidade urxente de saír fora da súa casa:
 - a) camiñar preto das fachadas de casas sólidas (non ruinosas),
 - b) vixia-la posible caída de obxectos,
 - c) Non achegarse ós valados, carteis de anuncios, postes de madeira, árbores, etc.
2. Se o sorprende o temporal, busque refuxio.
3. Non utilice vehículos lixeiros, nin aqueles outros que teñan pouca estabilidade (bicicletas, motos, etc.).
4. Peche e asegure fiestras e portas.
5. Retire de fiestras e balcóns todos aqueles obxectos que poidan desprenderse e causar danos.
6. Sitúe os vehículos protexidos do vento.
7. Se o sorprende o temporal no coche, non se quede nel, refúxiese en calquera lugar próximo de maior seguridade.

8. É importante sinalar no caso de alerta laranxa/roxa por fenómenos costeiros o enorme perigo que supón para as persoas achegarse as praias, a costa e os peiraos por motivos de traballo ou coa intención de ver a ondada.

B) Medidas en relación as diferentes instalacións escolares, culturais e/o de ocio:

- Limite ou suprima as actividades ao aire libre.
- Evite a saída do centro (recreos, desprazamentos, etc.).
- Peche e asegure portas e fiestras.
- Retire obxectos de fiestras e balcóns.
- Respecte todas as recomendación atendidas no punto A.

C) Recomendación en relación as empresas (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia e recomendacións do INSHT):

- Suspensión dos traballos sobre cubertas, retirando calquera material ou ferramenta que poida caer dende a mesma.
- Suspende os traballos sobre estadas e retirar calquera material ou ferramenta que poida caer do mesmo.
- Asegurar estadas, guindastres, valados, carteis e outros elementos (fixos ou móbiles) que poidan quedar afectados polo temporal.
- Realizar correctamente a posta en servizo das grúas, en especial a posta en catavento, movela ao lugar de seguridade e amarrala á vía si se dispón dela.
- Suspende o traballo das grúas en canto o anemómetro emita sinal de aviso deseguido.
- Comprobar que non se colocan na grúa elementos alleos a mesma, como carteis na torre ou material na pluma.
- Evitar os traballos no exterior e seguir as recomendacións do punto A.